



PROBAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

| CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO |  | CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR |  |
|---------------------------------|--|------------------------------------|--|
| <b>PROBA DE MADUREZA</b>        | <p>Esta proba realizarana os/as aspirantes que non posúan os requisitos académicos (título de Graduado/a na ESO, ou equivalente a efectos académicos).</p> <p>Os requisitos para as exencións desta proba son os establecidos na <i>Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño</i> (DOG do 11 de xullo)</p> <p>A proba versará sobre as seguintes materias:</p> <p><b>PRIMEIRA PARTE:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <a href="#">Lingua galega.</a></li> <li>- <a href="#">Lingua castelá.</a></li> <li>- <a href="#">Científico-tecnolóxico.</a></li> <li>- <a href="#">Sociocultural.</a></li> </ul> <p>Destas catro escolleranse tres.</p> <p><b>SEGUNDA PARTE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <a href="#">Educación plástica e visual.</a></li> </ul> | <b>PROBA DE MADUREZA</b>           | <p>Esta proba realizarana os/as aspirantes que non teñan os requisitos académicos esixidos con carácter xeral (bacharelato ou título equivalente a efectos académicos).</p> <p>Os requisitos para a exencións desta proba son os establecidos na <i>Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño</i> (DOG do 11 de xullo)</p> <p>A proba versará sobre as seguintes materias:</p> <p><b>PRIMEIRA PARTE:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <a href="#">Lingua galega e literatura.</a></li> <li>- <a href="#">Lingua castelá e literatura.</a></li> <li>- <a href="#">Lingua estranxeira: Inglés ou Francés.</a></li> <li>- <a href="#">Historia de España.</a></li> <li>- <a href="#">Filosofía e cidadanía.</a></li> <li>- <a href="#">Historia da filosofía.</a></li> <li>- <a href="#">Ciencias para o mundo contemporáneo.</a></li> </ul> <p>Destas sete escolleranse tres.</p> <p><b>SEGUNDA PARTE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <a href="#">Historia da arte.</a></li> </ul> |

## PROBA ESPECÍFICA

Esta proba realizarana todos/as os/as aspirantes, agás os que estean exentos da mesma segundo o establecido na *Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño* (DOG do 11 de xullo)

A proba consta de tres partes:

- a) **Primeiro exercicio: proba escrita.**  
Desenvolvemento, nun tempo máximo dunha hora, dun tema proposto nun texto sobre artes plásticas e coñecementos histórico-artísticos. Neste exercicio valoraranse as capacidades lingüísticas e os coñecementos histórico-artísticos.
- b) **Segundo exercicio: realización.**  
Realización, nun tempo máximo de dúas horas, de debuxos e bosquejos sobre un tema proposto para a súa aplicación posterior. Neste exercicio valoraranse as destrezas específicas e as capacidades de observación, percepción e aptitude para os estudos concretos das distintas familias profesionais.
- c) **Terceiro exercicio: execución.**  
Execución durante un tempo máximo de dúas horas, cos bosquejos e debuxos realizados no exercicio segundo. Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo, a composición e a predisposición para os estudos concretos das distintas familias profesionais.

## PROBA ESPECÍFICA

Esta proba realizarana todos/as os/as aspirantes, agás os que estean exentos da mesma segundo o establecido na *Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño* (DOG do 11 de xullo)

A proba consta de tres partes:

- a) **Primeiro exercicio: proba escrita.**  
Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, de temas propostos nun texto ou por medio de documentación gráfica relacionados coas artes plásticas. Valoraranse as capacidades lingüísticas e os coñecementos histórico-artísticos.
- b) **Segundo exercicio: realización.**  
Realización, durante un tempo máximo de dúas horas, de bosquejos e debuxos sobre un tema proposto que servirán de base para a posterior realización. Valoraranse as destrezas, as habilidades, capacidades de percepción, de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos correspondentes á familia profesional.
- c) **Terceiro exercicio: execución.**  
Execución, durante un tempo máximo de dúas horas, do xeito que determine o tribunal, cos bosquejos realizados no exercicio anterior, dun traballo relacionado co ciclo ao que o/a alumno/a aspira a acceder. Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos correspondes ás seguintes familias profesionais:
  - [Artes aplicadas ao libro e deseño gráfico.](#)
  - [Artes aplicadas da escultura e cerámica artística.](#)
  - [Deseño de interiores.](#)
  - [Xoiaría da arte.](#)
  - [Artes aplicadas da indumentaria.](#)